

ACTA NÚM. 4/2023.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 19 DE ABRIL DE 2023.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de abril de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29.03.2023.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.02.2023 AO 14.04.2023.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

4º) MOCIÓN.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29.03.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 3/2023, do 29.03.2023.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.02.2023 AO 14.04.2023.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000085/2023	10/02/2023	ASISTENCIA TÉCNICA INTEGRAL PARA A REDACCIÓN DE TODA A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA NECESARIA PARA A LICITACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE.
000086/2023	13/02/2023	LICENZA ADMINISTRATIVA CAN PERIGOSO.
000087/2023	13/02/2023	LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS E MODIFICACIÓN DO TITULAR NO REXISTRO MUNICIPAL.
000088/2023	13/02/2023	SEGURO DE BENS DO CONCELLO.
000089/2023	13/02/2023	SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL XERAL DO CONCELLO.
000090/2023	14/02/2023	DECRETO DE NOMEAMENTO DE POLICÍAS LOCAIS EN PRÁCTICAS.
000091/2023	14/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA ADSCRICIÓN DE PERSOAL AOS SERVIZOS MUNICIPAIS.
000092/2023	14/02/2023	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. 54.
000093/2023	15/02/2023	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 51.
000094/2023	15/02/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 172
000095/2023	15/02/2023	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 16/2020-D.
000096/2023	16/02/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000097/2023	16/02/2023	DECRETO PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 2022/2023.
000098/2023	16/02/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO LIMPEZA CEIP DE PEDROUZOS.
000099/2023	16/02/2023	REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POR MOR DA INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO DE GAS PROPANO.
000100/2023	16/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN E ACEPTACIÓN BASES SUBVENCIÓN DA XUNTA PARA SERVIZOS MUNICIPAIS 2023: CONSTRUCCIÓN DE NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN NINÁNS, LUAÑA (PR486A).
000101/2023	16/02/2023	DECLARANDO DESERTO O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE HERBA ARTIFICIAL.
000102/2023	16/02/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 173.
000103/2023	17/02/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAIS UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.
000104/2023	17/02/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SUPERVISIÓN CAMPO DE FÚTBOL HERBA ARTIFICIAL.
000105/2023	17/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN APROL RURAL 2023.
000106/2023	17/02/2023	DECRETO DE ACEPTACIÓN E APROBACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN PARA MELLORA DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS (TU503D).
000107/2023	20/02/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000566012.
000108/2023	21/02/2023	LIQUIDACIÓN CONCELLO DE BRIÓN DUN 50% DA ACHEGA PREVISTA NO CONVENIO PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DO

		PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN
000109/2023	21/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN RISGA . ANO 2023.
000110/2023	21/02/2023	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA OBRAS MUNICIPAIS.
000111/2023	21/02/2023	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXA DE LIXO.
000112/2023	22/02/2023	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ALLEAMENTO DE TRES VEHÍCULOS DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES.
000113/2023	22/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN E ACEPTACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS DE TRABAJO DA REDE PROVINCIAL DE COWORKING (PEL-REDE COWORKING 2023).
000114/2023	22/02/2023	DECRETO DE SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PARA SOCORRISMO 2023.
000115/2023	23/02/2023	ALTAS NO PADRÓN DO LIXO ANO 2023.
000116/2023	23/02/2023	DESESTIMACIÓN BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000797552.
000117/2023	23/02/2023	COMISIÓN DE SERVIZOS ENTROIDO 2023.
000118/2023	23/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN E ACEPTACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN DA XUNTA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023.
000119/2023	24/02/2023	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. FEBREIRO 2023
000120/2023	24/02/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 27/2020-D.
000121/2023	24/02/2023	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 13/2019-D.
000122/2023	24/02/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 174.
000123/2023	24/02/2023	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 84.
000124/2023	27/02/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/5 CONTRATO.
000125/2023	27/02/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000656748.
000126/2023	28/02/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE NÓMINA. FEBREIRO 2023.
000127/2023	28/02/2023	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - FEBREIRO 2023.
000128/2023	28/02/2023	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBO LIXO.
000129/2023	01/03/2023	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2023.
000130/2023	01/03/2023	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2023.
000131/2023	01/03/2023	DECRETO DE SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN DA XUNTA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DE INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS (CT211B).
000132/2023	02/03/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/6.
000133/2023	02/03/2023	PAGO CANON DA AUGA.
000134/2023	03/03/2023	APROBACIÓN PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO.
000135/2023	06/03/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 07/03/2023, ÁS 14.00 HORAS.
000136/2023	06/03/2023	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTOS AUTORIZACIÓN OBRAS AUGAS DE GALICIA.
000137/2023	06/03/2023	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS AUTORIZACIÓN OBRAS AUGAS DE GALICIA.
000138/2023	07/03/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MALPICA PARA AS FESTAS DA MICAELA.
000139/2023	07/03/2023	DECRETO DE ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E

		CONTROL FRONTE A VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA).
000140/2023	07/03/2023	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARZO.
000141/2023	07/03/2023	DECRETO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA PRESENTADO CON DATA 07.12.2022 (REX. ENT. 3288).
000142/2023	07/03/2023	DECRETO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE ALZADA PRESENTADO CON DATA 07.12.2022 (REX. ENT. 3292).
000143/2023	07/03/2023	RENOVACION TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº46.
000144/2023	07/03/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS FEBREIRO 2023. MODELOS IRPF 111, 115 E IVE 303.
000145/2023	08/03/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS: ESCOLAS DEPORTIVAS 2023/2024.
000146/2023	08/03/2023	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ESCOLAS CULTURAIS 2023/2024.
000147/2023	08/03/2023	DECRETO SANCIONÓNS TRÁFICO.
000148/2023	08/03/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA FEBREIRO.
000149/2023	08/03/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA FEBREIRO.
000150/2023	08/03/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.16/2020-D.
000151/2023	09/03/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 175.
000152/2023	13/03/2023	ACHEGA O TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SOCIAL 2021-22.
000153/2023	13/03/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 14/03/2023, ÁS 14.00 HORAS.
000154/2023	14/03/2023	ALTA XANTAR A DOMICILIO Nº 54.
000155/2023	14/03/2023	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 05/2023-M.
000156/2023	14/03/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 06/2023-D.
000157/2023	14/03/2023	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS AUGAS DE GALICIA.
000158/2023	14/03/2023	DECRETO DE APROBACIÓN E ACEPTACIÓN DAS BASES DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 15.000 HABITANTES.
000159/2023	14/03/2023	PLANS ORZAMENTARIOS 2024-2026.
000160/2023	15/03/2023	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO.
000161/2023	20/03/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/9 CONTRATO.
000162/2023	20/03/2023	SOLICITUDE PLAN CONCERTADO PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS 2023.
000163/2023	22/03/2023	DECRETO SANCIONÓNS TRÁFICO.
000164/2023	22/03/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 04/2021-M-D.
000165/2023	23/03/2023	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 176.
000166/2023	23/03/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 28/03/2023, ÁS 13.00 HORAS.
000167/2023	23/03/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 28/03/2023, ÁS 13.15 HORAS.
000168/2023	24/03/2023	MODIFICACIÓN DE DECRETO 162/2023 DE SOLICITUDE PLAN CONCERTADO PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS 2023.
000169/2023	24/03/2023	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 29.03.2023, ÁS 13.00 HORAS.
000170/2023	27/03/2023	APROBACIÓN M.C. Nº 01/2023: X.C. PEL-CONCELLOS ANO 2023.
000171/2023	27/03/2023	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 08/2016-D.
000172/2023	28/03/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/10.
000173/2023	28/03/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/11 CONTRATO.
000174/2023	28/03/2023	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. MARZO 2023.
000175/2023	29/03/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 07/2023-D.
000176/2023	29/03/2023	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 08/2023-M.
000177/2023	29/03/2023	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN TAXA INSCRICIÓN REXISTRO XERAL DE PRODUTORES E XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA.
000178/2023	29/03/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE NÓMINA. MARZO 2023.
000179/2023	30/03/2023	APROBACIÓN PLAN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZACIÓN DE

		PERDAS DE AUGA. PERÍODO 2022-2025.
000180/2023	30/03/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/12 (+3.000)
000181/2023	30/03/2023	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000538195.
000182/2023	30/03/2023	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES_DEPUTACIÓN DA CORUÑA. ANO 2022.
000183/2023	30/03/2023	DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS DE AGADER 2023/2024.
000184/2023	30/03/2023	CONTRATACIÓN PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO.
000185/2023	30/03/2023	PROCESO DE SELECCIÓN PRAZA DE ARQUITECTO/A DA OEP ORDINARIA 2022.
000186/2023	30/03/2023	PREMIOS DESFILE ENTROIDO 2023.
000187/2023	31/03/2023	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2023.
000188/2023	31/03/2023	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2023.
000189/2023	31/03/2023	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - MARZO 2023.
000190/2023	31/03/2023	CONTRATACIÓN SERVIZO SUPERVISIÓN CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
000191/2023	03/04/2023	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 09/2023-D.
000192/2023	03/04/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 04/04/2023, ÁS 14.00 HORAS.
000193/2023	03/04/2023	DECRETO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN POR TRATAMENTOS PREVENTIVOS. ANO 2023.
000194/2023	05/04/2023	DESIGNACIÓN LOCAIS OFICIAIS PARA A CELEBRACIÓN DE ACTOS DE PROPAGANDA ELECTORAL NAS ELECCIÓNS LOCAIS DE 28 DE MAIO DE 2023.
000195/2023	05/04/2023	DESIGNACIÓN DOS LUGARES ESPECIAIS PARA A COLOCACIÓN GRATUITA DE CARTEIS DE PROPAGANDA ELECTORAL NAS ELECCIÓNS LOCAIS DE 28 DE MAIO DE 2023.
000196/2023	05/04/2023	SELECCIÓN PERSOAL PEL DEPUTACIÓN 2023.
000197/2023	05/04/2023	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXA DE LIXO.
000198/2023	10/04/2023	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA ENCARGADO SECCIÓN DE VÍAS.
000199/2023	10/04/2023	RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/13.
000200/2023	11/04/2023	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ABRIL.
000201/2023	12/04/2023	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 52.
000202/2023	12/04/2023	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS MARZO 2023. MODELOS IRPF 111, 115 E IVE 303.
000203/2023	12/04/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MARZO.
000204/2023	12/04/2023	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MARZO.
000205/2023	12/04/2023	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS AUTORIZACION AUGAS DE GALICIA.
000206/2023	12/04/2023	CONCESIÓN V PREMIO LAUDAMUCO 2023.
000207/2023	13/04/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) O 18/04/2023, ÁS 13.15 HORAS.
000208/2023	13/04/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 18/04/2023, ÁS 13.00 HORAS.
000209/2023	14/04/2023	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 19/04/2023, ÁS 13.00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18.04.2023, que transcrita di:

A Xunta de Goberno Local do Concello en sesión de data 07.02.2023, adoptou o seguinte acordo:

“” QUINTO.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

a) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para completar a aliñación do solo urbano consolidado (UC1) de Bastavales, presentado por Jesús Chaves Rivas, que actúa en representación de Servipro Consultores S.L., o 30/01/2023 (r.e. 202399900000110), cuxo promotor é Pablo Vázquez Villar, e asinado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira o 30/01/2023, nas parcelas con referencia catastral 7918905NH2471N0001GS e 7918916NH2471N0001KS, situadas en Sabaxáns, Bastavales.

Visto o informe técnico-xurídico favorable do 02.02.2023, asinado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do Concello, por delegación da alcaldía do 29.09.2020 (BOP 08.10.2020), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento Estudo de detalle para completar a aliñación do solo urbano consolidado (UC1) de Bastavales referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado da información pública, o Pleno como órgano competente do Concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.””

Realizada a notificación aos titulares catastrais dos terreos afectados que consta no expediente e a publicación dos edictos de exposición publica no xornal El Correo Gallego do 11.02.2023, no Diario Oficial de Galicia do 02.03.2023, e no taboleiro de edictos do Concello, con data 3.04.2023 rematou o prazo de exposición pública, non téndose presentado ningún escrito de alegacións, segundo certificación de secretaría que consta no expediente.

Unha vez cumpridos os trámites legalmente establecidos, e transcorrido o período de exposición pública, procede levar a cabo a aprobación definitiva do estudo de detalle.

A competencia para a aprobación definitiva correspóndelle ao Pleno segundo o art. 22.2.c. da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL).

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para completar a aliñación do solo urbano consolidado (UC1) de Bastavales, presentado por Jesús Chaves Rivas, que actúa en representación de Servipro Consultores S.L., o 30/01/2023 (r.e. 202399900000110), cuxo promotor é Pablo Vázquez Villar, e asinado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira o 30/01/2023, nas parcelas con referencia catastral 7918905NH2471N0001GS e 7918916NH2471N0001KS, situadas en Sabaxáns, Bastavales.

2º) Este acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo no Diario Oficial de Galicia, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da

Provincia, consonte co establecido nos artigos 199.4, 209.1, 212.2 e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) MOCIÓN.

Non se presentou ningunha.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

5.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre o abandono da aldea de Vexo e contorna.

Hai uns días, a solicitude dos veciños da zona, visitamos a aldea de Vexo, Espiñeiros, Vioxo e Nináns e a zona en xeral. A motivación das queixas, ademais das que aquí se expoñen, era, unha vez máis, o silencio administrativo como norma de traballo desta corporación. Cero respostas, nin positivas nin negativas. A primeira reclamación de hai máis de 6 meses, a segunda de dous meses. O normal en calquera corporación onde prime a transparencia.

O goberno municipal, unha vez máis, lonxe de dar unha resposta inmediata e urxente á veciñanza utilizou as páxinas oficiais do partido socialista (cremos que é o partido que goberna o concello) para descualificar e mesmo mentir a unha organización que o único que fai é facer o traballo de oposición e dar voz a quen lla pide.

Indo ao importante da cuestión, que é a solución dos problemas dos veciños é evidente que as vías de acceso ás aldeas son como moito "deficitarias" e "precarias", hai un evidente deterioro da capa de rodamento e as fochancas son máis que numerosas. Temos que falar tamén da maleza que hai por todas esas aldeas. Por outra parte as augas que baixan do monte non están suficientemente canalizadas, polo que se arrastra todo ao seu paso por Vexo concretamente, provocando máis danos nas vías e posibilitando danos a persoas ou vehículos. As queixas tamén se baseaban na necesidade de acondicionar a fonte así como mantemento na mina que abastece de auga. Xa por non falar dos indicadores que darían para facer un pleno monotemático.

A resposta do partido, perdón do concello, foi facer alusión, entre outras faltas de respecto, a dous contratos menores (non sabemos dende cando os contratos menores pasan por este pleno), contratos menores que o concello ten a potestade de contratar (sempre suxeito á lei de contratos) pero tamén ten a obriga de vixiar a súa execución. O seu escrito no Facebook foi rápido e urxente, como o é todo o que implique dar resposta á oposición en modo electoral, pero o traballo non o foi, ou polo menos os veciños non son conscientes diso porque a data de hoxe todo está exactamente igual. Por non falar que a "resposta" por chamala dalgún xeito so "respondo" ao tema da capa de rodaxe en Vexo (e outras aldeas) a sinalización xeral e obvia a resposta de todo o resto da problemática. Por todo iso, aínda quedan por responder as seguintes cuestións:

Para cando están previstas as solucións a TODAS e cada unha das problemáticas expostas pola veciñanza?

Vaise contestar por escrito, como corresponde a unha solicitude por rexistro, á veciñanza afectada?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como ben dixo hai dous contratos adxudicados para obras, estaban previstas esas dúas obras nos decretos 581/2022 e 761/2022 que comezaron onte porque con choiva non se pode; non se contestou por escrito pero tivemos en conta esas melloras nos proxectos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que presentouse o escrito o luns e o martes fostes facer as obras, non faledes do bo tempo; engade que o de que non se conteste parécenos grave, é habitual neste equipo de goberno, así por exemplo respecto da solicitude de información do IES de Esparís, de veciños doutras aldeas, forma parte da súa liña de transparencia, o que non é de recibo é dicir que non se fai por culpa do persoal do Concello, iso non se pode dicir polas aldeas; entendemos o dos contratos menores porque veñen nos decretos dos que se da conta ao Pleno, fixéronse en decembro e empezaron en abril.

O Sr. Alcalde sinala que como di vostede da Deputación, a obra da ponte de Liñares está sen realizar. Respecto do de Vexo fun alí, xa fun antes porque sei da problemática que hai alí, como noutros lugares; cando se aprobaron os orzamentos dixémoslles que estaban para realizar e eu non lle botei a culpa aos traballadores do Concello e xa o deixei falar bastante, a min gústame traballar, e lle agradecemos que como Deputado traia cousas para Brión, explíquenos o que trouxo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que máis que vostede e o anterior alcalde.

2. SOBRE A POSIBLE AUTORIZACIÓN DO "ENCORO REVERSIBLE" NA CORNANDA POR PARTE DE AUGAS DE GALIZA.

Unha vez realizadas todas as alegacións de veciños, colectivos, organizacións, grupos políticos e administracións, e sabendo que estamos en tempo electoral e que posiblemente a Xunta de Galicia vai agardar ao mes de xuño ou máis adiante para dar unha resposta a este tema a fin de non "molestar" a campaña do seu partido, ten algunha novidade o concello sobre este tema? Solicitamos que igual que se montou a "comisión" de traballo conxunta (do cal nos alegamos) dita comisión siga viva e que calquera novidade por pequena que sexa pase inmediatamente pola comisión (e por suposto polos grupos da oposición) para poder gañar tempo e non volver a quedar co tempo en precario como ven sendo habitual.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que precisamente porque hai unha comisión para traballar niso e para que todos soubesen como estaba, o Concello non ten ningunha información, cada persoa que presentou alegación recibirá a súa contestación.

3. SOBRE AS LIÑAS DE TRANSPORTE INTERNAS.

O pasado día 3 de abril, un día antes da convocatoria das eleccións puidemos comprobar con ledicia como o concello, e van non sabemos cantas, copiou unha das ideas e propostas do BNG sobre o transporte interno para as parroquias e aldeas. Por un momento imos obviar o oportunismo político e electoral desa medida pola cal a veciñanza leva anos agardando (a covid como elemento redutor das actividades) rematou xa hai máis dun ano, así corno (polo momento) seguimos obviamente as numerosísimas publicacións que están no límite e que forman parte da campaña electoral de quen utiliza os medios públicos para o beneficio dunha organización política, e ímonos centrar exclusivamente en coñecer como vai funcionar estas liñas, en que estudo previo de mobilidade se basearon así como a que responde a periodicidade e regularidade das mesmas. Sabemos que nunca chove a gusto de todos e todas, pero xa foron numerosas as queixas que chegaron ata nós sobre a forma e o fondo desta medida apresurada (sabemos porqué) e unha vez máis sen estudo e sen consenso previo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que en primeiro lugar aclarar que o 3 de abril púxose en funcionamento, pero non polas eleccións, senón porque estaba xa aprobado inicialmente o orzamento onde vai o crédito; este servizo iniciouse en 1997, non é novo, e afecta a dúas liñas ao centro de saúde, os martes porque é cando hai mercado e así estaba e funcionaba correctamente. Engade que se ten vostede queixas da xente, facilítenolas, porque as suxestións que se presentaron foron estimadas.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o orzamento está en exposición e se poden presentar alegacións, o fixeron vostedes un día antes da convocatoria das eleccións, é legal, e remata sinalando que o que se solicite o pasaremos por rexistro.

O Sr. Alcalde sinala que o que se fai mal é por culpa do equipo de goberno, e o que se fai ben é por iniciativa do BNG; cos cartos que temos pretendemos dar os mellores servizos aos veciños, eu sempre que trouxo vostede unha petición en beneficio dos veciños foi atendida.

5.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Como xa trouxemos máis veces a este pleno, xuntamos fotografías do estado do parque infantil de Sabaxáns, no que se ve o estado no que está, así como o que se atopa en Vila Caracas (do que non traemos fotos) pero só con dar un paseo pola zona vese o estado do mesmo.

Ambos parques están cheos de maleza, o de Vila de Caracas as árbores que ten están en moi mal estado, a escaseza de papeleiras, etc...

Tense pensado facer algunha actuación nestes dous parques infantís?

Responde o Sr. Alcalde que grazas pola súa achega, xa se dixo que con cargo ao remanente vanse facer proxectos para mellorar todos os parques.

2. Como xa pedíramos en máis dunha ocasión, queríamos saber se o paseo que hai na avenida de Noia vai ter iluminación, se ao final se puido meter no proxecto que tiña o Concello sobre luminarias.

Responde o Sr. Alcalde que si, é unha zona que está metida nun gran proxecto para todo o Concello, pero veu denegada a subvención por falta de crédito, entraría no proxecto de iluminación desa avenida.

3. Na entrada á aldea de Guisande como se pode observar na foto, os postes están colocados fora da beirarrúa e na estrada, cal é o motivo de estar colocados así e se se vai facer algunha actuación alí.

Responde o Sr. Alcalde que vaise facer unha actuación, estamos á espera de que fagan as beirarrúas, deben retirar os postes para dentro, teñen aval e se non se lles fará requirimento

4. Cando se arranxou a estrada de Guisande, retranqueouse un muro e a zona quedou sen asfaltar como se pode ver na fotografía anexa, vaise facer algunha actuación na zona?

Responde o Sr. Alcalde que é un muro particular, en breve vaise asfaltar con cargo aos proxectos do remanente.

5. Como xa se trouxo algunha vez a este pleno, solicitamos o acondicionamento e asfaltado da pista que vai dende o fondo da aldea de Brión de Abaixo cara Agramaior que actualmente se atopa en zorra.

Responde o Sr. Alcalde que está contemplado en proxectos e na medida en que se poida facer farase.

6. En Bastavales, na zona da piscina e pistas de baloncesto, fútbol e tenis, como se pode observar nas fotografías, non existen bancos para poder sentarse, nin unha soa papeleira. Así mesmo pódese ver o estado dos vestiarios, habería posibilidade de facer algunha actuación na zona, como repintado das pistas, colocación de papeleiras e algún banco e arranxo dos vestiarios.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que esta instalación aínda está pechada e cando abre se acondiciona esa zona, hai bancos que o socorrista pon e retira, e hai unha papeleira; tomamos nota do que dis do pintado e o tema das papeleiras o tiñamos pensado.

O Sr. Alcalde sinala que en dous anos temos investido gran cantidade de cartos nos parques.

7. En relación ao mantemento de CEIP de Pedrouzos, que hai tempo que non se fai arranxo ningún, solicitamos que se arranxe, na maior brevidade posible, mellor na tempada estival o seguinte:

- Arranxo das pluviais do patio (tanto na entrada principal como no final do patio e na saída dos bombeiros), supoño que colocando unha reixa se amañaría o problema.

- Cambio dos canalóns do patio cuberto así como repaso da pintura das columnas do mesmo e eliminación das goteiras existentes.

- Cambio da porta principal de acceso ao colexio, xa que non pecha ben e hai que golpeala, co conseguinte dano que se lle está a facer ao interfono.

Así mesmo, non hai moito tempo si se fixo unha pequena reforma no CEIP no que se botou cemento nos trasteiros existentes, como se pode ver nas fotografías anexas, moi ben non quedaron, non sei se hai maneira de arranxalo, así como pulir o mesmo.

Responde o Sr. Alcalde que xa se falou algunha vez do problema da recollida de augas; alí hai que facer unha gran obra, o temos contemplado e antes de asfaltar a estrada hai que levantar todo para que poidan saír as augas; lin que a Xunta ía facer grandes investimentos en colexios, esperemos que a fagan; respecto do tema das goteiras pasaremos comunicación á cuadrilla de obreiros.

Engade o Sr. Alcalde que esa obra das estanterías se fixo estando o director, é da consellería, e teño que dicir que para un concello pequeno facer o mantemento dun colexio que ten corenta anos é demasiado; non sei se agora se pode facer algo alí.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González